

RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO, POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN INTERNA, NA ESCALA XERAL ADMINISTRATIVA, SUBGRUPO C1 DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Unha vez rematado o prazo de presentación de reclamacións para participar no proceso selectivo para o ingreso na escala xeral administrativa de funcionarios/as do subgrupo C1 da Universidade da Coruña polo sistema de promoción interna convocado por Resolución do 17 de outubro de 2025 (DOG 28 de outubro de 2025) esta Xerencia, en aplicación do previsto na convocatoria, resolve aprobar a relación definitiva de persoas aspirantes admitidas no anexo que se achega. Non hai candidatos excluídos.

De acordo co previsto na resolución antes mencionada, convócase ás persoas aspirantes para a realización do segundo exercicio (proba test) da fase de oposición que terá lugar o día 12 de xuño de 2026, ás 10:00 h, na Sala de Xuntas da ETSAC.

As persoas aspirantes deberán acudir provistas de DNI ou acreditación da súa identidade segundo as bases da convocatoria, e dun bolígrafo de cor azul. Non se pode entrar ao exame con aparellos electrónicos (teléfono móbil, PDA, etc.).

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativo. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, asinado dixitalmente

O reitor

PD A xerenta (RR 10/07/2024)

María Jesús Grela Barreiro



ANEXO

RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO, POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN INTERNA, NA ESCALA XERAL ADMINISTRATIVA, SUBGRUPO C1 DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

PERSOAS ADMITIDAS				
DNI	Apellido 1	Apellido 2	Nome	Acredita coñecemento do idioma de galego
***9078**	Graña	Seijo	Vanesa María	Sí